

## UNIDADE 1: O SABER FILOSÓFICO

UNIDADE 1: O SABER FILOSÓFICO.....	1
<b>ORGANIZADOR PREVIO</b> .....	2
<b>QUE É FILOSOFÍA?</b> .....	3
As preguntas filosóficas.....	3
O que a Filosofía pode ensinar .....	3
As características do quefacer filosófico:.....	4
Funcións e vixencia da Filosofía .....	6
<b>DISCIPLINAS TEÓRICO-PRÁCTICAS DO SABER FILOSÓFICO.</b> .....	7
Racionalidade teórica e práctica.....	7
As ramas da filosofía .....	8
<b>AS ORIXES DO PENSAMENTO FILOSÓFICO:</b> .....	11
Filosofía e mito .....	11
Filosofía como saber racional .....	12
A filosofía ao longo da historia .....	14
<b>Propostas opcionais de traballo</b> .....	19
<b>VOCABULARIO:</b> .....	20

## ORGANIZADOR PREVIO

O ÚNICO QUE NECESITAMOS PARA SERMOS BOS FILÓSOFOS É A CAPACIDADE DE ASOMBRO<sup>1</sup>. (...)

A maior parte dos adultos ve o mundo como algo moi normal. Precisamente neste punto os filósofos constitúen unha honrosa excepción. Un filósofo xamais soubo habituarse de todo ao mundo. Para el ou ela, o mundo segue a ser algo desmesurado, mesmo enigmático e misterioso.

Pero a Filosofía non a atopamos só nos libros de Filosofía académicos, tamén impregna actividades diferentes como a literatura, arte, música ou ciencia. Sempre que aparece a sorpresa, a reflexión e a crítica estamos diante dunha actitude filosófica:



<sup>2</sup>-Quen es ti? -preguntou.

Non era un xeito moi adulator de comezar unha conversa. Alicia respondeu, máis ben timidamente:

-Case..., case non o sei, señora. Ata o momento..., polo menos, eu sei quen era cando espertei esta mañá, pero paréceme que tiven moitos cambios dende entón.

-Que quixeches dicir con iso? -replicou severamente a eiruga-. Explicáte.

-Creo que non podo facelo en forma máis clara, señora -retucou Alicia moi amablemente-, porque, para empezar, eu mesma non o entendo. Isto de ter tantos tamaños diferentes nun só día resulta bastante desconcertante.

-Nada diso -replicou a eiruga.

-Ben, quizais vostede non o encontrase así aínda -observou Alicia-, pero cando teña que converterse en crisálida, como lle pasará un día, como vostede sabe, e logo se transforme en bolboreta, creo que se sentirá un pouco rara, non lle parece?

-En absoluto -contestou a eiruga<sup>3</sup>.

<sup>1</sup> Gaadder, J. (1994). *El Mundo de Sofía*. Ed. Siruela. P. 18-21

<sup>2</sup> Ilustración de John Tenniel de *Alicia en el País de las Maravillas* (1865). Dominio público

<sup>3</sup> *Alicia no País das Marabillas*. Cap.V Tradución a partir do e-book parte do proxecto Guttenberg, dispoñible en <http://www.gutenberg.org/ebooks/11>

## QUE É FILOSOFÍA?

Filosofía é unha palabra desgastada polo uso. «É a súa filosofía!» «Filosofías á parte...!» «Déixate de filosofías!» «Tómao con filosofía». Pero trata de dar unha se che piden a súa definición estrita, e verás que non é unha tarefa fácil. Poderíamos recorrer á súa etimoloxía “amor á sabedoría”, pero achéganos pouco ao uso deste termo como disciplina académica e non deixa de ser unha definición vaga e xeral.

Adóitase dicir que todos somos filósofos porque todos e todas somos seres humanos, pero hai unha diferenza grande entre a práctica da filosofía coma experiencia común no andar os seres humanos polo mundo, e a súa práctica como experiencia profesional. Da mesma forma que todos sabemos coidar a nosa saúde pero non todos somos médico, tamén é certo que todos temos “experiencias filosóficas” pero non todos somos filósofos.

A experiencia filosófica coa que todos nos atopamos consiste en tentar comprender cuestións fundamentais para a nosa vida, como diferenciar entre o ben e o mal, explicar os aspectos máis elementais do mundo e a natureza, así como a orixe e o sentido dos sucesos da nosa vida. Así a experiencia filosófica ten a súa orixe nas preguntas que nos facemos sobre nós, sobre o mundo e sobre as accións humanas en xeral.

---

## AS PREGUNTAS FILOSÓFICAS

As preguntas filosóficas caracterízanse por ser radicais, por ir á raíz do noso coñecemento en calquera aspecto. As preguntas filosóficas parten da incapacidade para comprender algúns aspectos da realidade que resultan imprescindibles para dar sentido á nosa vida ou ás nosas actividades, incluídas as actividades cognoscitivas (a ciencia, a arte, a ética, a política...). Como todos os aspectos da realidade poden ser susceptibles de necesitar unha análise en profundidade, podemos facernos preguntas filosóficas de case todos os coñecementos e accións do ser humano.

As preguntas filosóficas son diferentes das preguntas científicas. Unha pregunta científica sempre dá por suposto que existe unha resposta, e unha soa, para iso que se pregunta, aínda que non coñezamos a resposta neste intre. As preguntas filosóficas son preguntas abertas, dan por suposto que non necesariamente hai unha única resposta válida e que as respostas que atopemos quizais non poidan superar a dimensión subxectiva. As respostas a estas preguntas dan como resultado unha multiplicidade de miradas sobre o mesmo tema que enriquece o noso coñecemento e comprensión do mesmo.

Se a filosofía comeza ao cuestionarse, ao preguntarse sobre aquilo que xa non nos parece obvio, é porque comeza coa conciencia da propia ignorancia. Filósofo é quen, ao recoñecer o que non sabe, formula as preguntas fundamentais.

---

## O QUE A FILOSOFÍA PODE ENSINAR

A interrogación filosófica convértese, para algúns, nunha forma de coñecemento específica que inclúe procesos de investigación que producen unha disciplina de coñecemento estrita. Algunhas definicións de diferentes filósofos ao longo da historia poden axudarnos a entender que nos pode achegar a investigación filosófica aos seres humanos.

«A Filosofía é a procura da verdade como medida do que o home debe facer e como norma da súa conduta». **Sócrates** (469-399 AC).

«O primeiro paso cara á filosofía é a incredulidade». **Denis Diderot** (1713-1784)

«Nunha disputa filosófica, o derrotado é quen gaña, porque é o que máis aprende». **Epicuro** (341-270 AC)

«Toda a vida dos filósofos non é máis ca unha meditación sobre a morte». **Cicerón** (106- 43 AC)

«Fíxate en ti mesmo. Desvía a túa mirada de todo o que te rodea e diríxea cara ao teu interior. Esta é a primeira petición que fai a filosofía ao seu aprendiz». **Johann Gottlieb Fichte** (1762-1814)

«A filosofía é a ciencia obxectiva da verdade, un coñecemento comprensivo; non opinión nin tecido de opinións». **Wilhelm Friedrich Hegel** (1770-1831)

«Filosofía é o que no fondo me fai falta ver claro en mi mesmo; saber "que debo facer" e non "que debo coñecer". Trátase de comprender o meu destino, de atopar a "idea" pola que desexo vivir e morrer». **Soren Kierkegaard** (1813-1855)

«O home que non ten ningún verniz de filosofía vai pola vida prisioneiro dos prexuízos que se derivan do sentido común, das crenzas habituais no seu tempo e no seu país, e das que se criaron no seu espírito sen a cooperación e o consentimento deliberado da súa razón». **Bertrand Russell** (1872-1970).

### **Cuestionario:**

1. Tenta explicar o que quere dicir cada unha das citas anteriores.
2. Segundo as citas anteriores cita 3 obxectivos fundamentais da Filosofía
3. Cales son os métodos fundamentais para exercer a actividade filosófica?
4. Cal é a cita coa que te sentes máis identificado? Cal é a que máis che sorprende?

### **AS CARACTERÍSTICAS DO QUE FACER FILOSÓFICO:**

Unha das principais esixencias da reflexión filosófica é a liberdade de pensar por un mesmo. As cuestións filosóficas non están aí para que as contesten os sabios, senón para iniciar o pensamento autónomo de cada un de nós. No texto seguinte, o Filósofo Immanuel Kant avoga pola necesidade de pensar por un mesmo, para sermos realmente humanos, ese é o obxectivo final da tarefa filosófica.

A Ilustración é a saída do home da súa culpable minoría de idade. A minoría de idade significa a incapacidade de servirse do seu propio entendemento sen a guía doutro. Un mesmo é culpable desta minoría de idade cando a causa dela non reside na carencia de entendemento, senón na falta de decisión e valor para servirse en por si del, sen a guía doutro. *Sapere aude!* [Atrévete a saber!] Ten valor de servirte do teu propio entendemento!, velaquí o lema da Ilustración. A preguiza e a covardía son as causas de que unha gran parte dos homes permaneza, gustosamente, en minoría de idade ao longo da vida, a pesar de que hai xa tempo a natureza nos liberou de dirección allea; e por iso é tan fácil para outros o erixirse nos seus titores. É tan cómodo ser menor de idade! Se teño un libro que pensa por min, un director espiritual que substitúe a miña conciencia moral, un médico que me prescribe a dieta, etc., entón non necesito esforzarme. Se podo pagar, non teño necesidade de pensar; outros asumirán por min tan incómoda tarefa. Aqueles titores que tan bondadosamente tomaron sobre si a tarefa de supervisión encárganse xa de que o paso cara á maioría de idade, ademais de ser difícil, sexa considerado perigoso pola gran maioría dos homes (e entre eles todo o belo sexo) [...] Por tanto, é difícil para todo individuo lograr saír desá minoría de idade, case convertida xa en natureza súa. Mesmo lle tomou afección e séntese realmente incapaz de valerse do seu propio entendemento, porque nunca se lle deixou facer devandito ensaio.[...] Por iso, poucos son os que, por esforzo do propio espírito, conseguiron saír desá minoría de idade e proseguir, con todo, con paso seguro.

### Cuestionario:

1. A que se refire Kant con “minoría de idade”?
2. Cales son os principais obstáculos para poder pensar por nós mesmos?
3. Podes poñer un exemplo actual de alguén que siga a ser menor de idade, mesmo despois de ter cumprido a idade para se poder independizar dos pais?
4. Atopas algunha referencia sexista no texto que deba ser criticada? Por que, ao teu parecer, este tipo de prexuízos tenden a pasar inadvertidos, mesmo aí onde o pensamento se propón expresamente non deixarse enganar por eles?

Os factores que permiten que ese pensamento propio xurda son os mesmos factores que constitúen o núcleo do quefacer filosófico e que o caracterizan: o abraio, a dúbida, a pregunta, a reflexión, a crítica e a visión totalizadora.

A Filosofía constituíuse nun exercicio de pensamento, nun saber que fai un problema daqueles coñecementos que nos parecen máis "naturais", máis obvios. Se non somos quen de asombrarnos, se nada nos chama a atención, se nada nos require unha explicación, entón a pregunta non xurde e a reflexión sobre ela tampouco. Desde Sócrates, todos os filósofos teñen insistido na importancia da capacidade de asombrarse, de non dar por suposto, de fixarse no noso arredor para comezar a pensar.

E a filosofía comeza coa interpelación aos sentidos, facendo unha crítica dos seus datos, que son para nós o máis obvio. Por iso a Filosofía aparece onde se perde a seguridade nas respostas convencionais e xorde a **dúbida**, xeradora de novas preguntas.

Propor **preguntas** implica que exerzamos a nosa **capacidade crítica**. Non é posible que nos xurdan preguntas se pensamos que coñecemos as respostas, por iso é fundamental identificar

os prexuízos e concepcións do mundo que veñen impostas polas tradición e outros mecanismos de control social. Preguntarse cales deses prexuízos e concepcións son verdadeiras e cales podemos asumir como propias é facerse preguntas filosóficas. O que se trata de facer nun curso de filosofía é precisamente isto: someter a crítica as conviccións e as crezas que absorbemos do noso contorno e asumimos como propias, co fin de manter aquelas capaces de resistir a crítica e substituílas por outras mellor fundamentadas as que non sexamos quen de xustificar.

As **reflexións** que ao longo da historia teñen realizado os filósofos sobre diferentes cuestións xorden a partir de preguntas, por iso as respostas dadas por eles non son máis importantes que as súas preguntas. Esas preguntas teñen unha orientación crítica pois van dirixidas a pór en cuestións os límites do noso coñecemento sobre o mundo.

As preguntas que se fai o filósofo non son un exercicio no baleiro senón que gardan relación cos problemas do seu contexto histórico e social, e as respostas que en diálogo coa ciencia, co sentido común e coa tradición do pensamento se ofrecen para cada un deles, de forma que o pensamento filosófico establece unha relación dialéctica, unha ponte entre todos os saberes e todas as épocas históricas. O resultado é un intento de ter unha **visión totalizadora** do saber dispoñible.

---

## **FUNCIONES E VIXENCIA DA FILOSOFÍA**

Ao longo da historia as preguntas filosóficas centráronse en temas que tiñan que ver coas preocupacións claves do contexto no que se formulaban. Así, na Antigüidade a pregunta fundamental era sobre o ser, isto é, sobre o que hai, auspiciada polo xurdimento da oposición entre a explicación racional do mundo (o que os gregos chamaban “logos”) e a explicación mítica tradicional.

No Medievo, o pensamento centrouse nas relacións entre a razón e a fe, nun mundo no que a relixión necesitaba lexítimar o seu poder e a súa visión do mundo.

Na modernidade a pregunta polas condicións do coñecemento, os seus procesos e os seus 2 límites determina o resto de problemas filosóficos, porque para o filósofo será crucial fundamentar na razón a totalidade dos problemas cos que se confronta. Neste contexto constituirase a noción de suxeito, que tentará construír a partir da razón a propia filosofía, a ciencia, a arte e a práctica das accións humanas en xeral.

Na actualidade, os filósofos teñen tomado conciencia dos límites da racionalidade humana e da obxectividade da ciencia e, en consecuencia, da súa capacidade para resolver os problemas humanos. A historia do século XX ensinou que determinado uso da racionalidade (o que chamamos “racionalidade instrumental”, como veremos no seu momento) pode levar á consolidación de estados totalitarios, guerras mundiais e etnocidios, como o holocausto Nazi. "Como facer filosofía despois de Auschwitz", trocarase nunha das reflexións fundamentais da filosofía contemporánea.

A irracionalidade, sempre latente no fondo da conciencia humana, converteuse en tema de xuízo crítico e actividade filosófica, así como o estudo das formas de manter a lexitimidade e a ética das accións humanas. As relacións entre suxeito e Estado e a relación co outro (co pertencente a outras culturas, a outras formas de pensamento), ocupan unha boa parte do quefacer filosófico ao comezo do século XXI.

## ★ACTIVIDADES

1. Elabora unha lista das características que necesariamente debería incluír necesariamente o que facer filosófico.
2. Relaciona cada época histórica cunha pregunta e un contexto:

Época	Contexto	Cuestión fundamental
CLÁSICA		
MEDIEVAL		
MODERNA		
CONTEMPORÁNEA		

3. Redacta unha pequena redacción describindo cales son as principais función da Filosofía na vida cotiá dos individuos e como disciplina académica.

## DISCIPLINAS TEÓRICO-PRÁCTICAS DO SABER FILOSÓFICO.

### RACIONALIDADE TEÓRICA E PRÁCTICA.


A razón humana ten dúas aplicacións fundamentais: unha de carácter teórico, que ten que como finalidade a indagación e investigación sobre o mundo; outra de carácter práctico orientada á toma de decisións e á análise das accións humanas. A palabra **teoría**, provén do grego *theoreîn*, que significaba algo así como *observar, contemplar, botar unha ollada...* A palabra **práctica** provén do grego *praktikós*, derivado do verbo *práссо*, que significaba *facer ata rematar*. Así, a actividade teórica ten unha calidade máis pasiva e contemplativa, mentres que actividade práctica remítenos á acción. Porén non existen dúas razóns humanas diferentes, senón unha única capacidade que se expresa de formas diferentes. A razón práctica precisa da actividade teórica que permite coñecer, avaliar e analizar o mundo que nos rodea. Do mesmo xeito a capacidade teórica non ten sentido se non se dirixe a conformar unha praxe, unha forma de actuar e ser no mundo.

A Filosofía como saber racional tamén ten unha aplicación teórica e outra práctica.

A **Filosofía teórica** ou especulativa dedícase fundamentalmente ao estudo e á reflexión sobre o mundo, a natureza e o ser humano. As súas principais ramas son a Metafísica, a Lóxica e a Gnoseoloxía.

A **Filosofía práctica** dedícase fundamentalmente a tentar establecer pautas racionais para a acción humana en diferentes escenarios (económicos ou políticos, sociais ou individuais). As súas ramas principais son a Ética, a Filosofía Política e a Estética.

## AS RAMAS DA FILOSOFÍA



Os problemas que compoñen a filosofía foron variando ao longo dos séculos. Nas súas orixes a filosofía abarcaba o estudo dos ceos, o que hoxe chamamos Astronomía, e algúns problemas da Física. Porén, as ciencias foron separándose dos problemas xerais da filosofía e buscando o seu propio campo a medida que as preguntas que se propuñan eran máis concretas e resolubles. A Filosofía quedaba reservada para aquelas cuestións de carácter xeral a respecto do coñecemento, a realidade e a acción humanas que aínda non tiñan un marco concreto de resolución.

No presente podemos distinguir as seguintes ramas da Filosofía:

**Metafísica:** ocúpase de investigar a natureza, estrutura e principios fundamentais da realidade. Iso inclúe a clarificación e investigación sobre algunhas das nocións fundamentais coas que entendemos o mundo: ser, entidade, existencia, obxecto, propiedade, relación, causalidade, tempo e espazo. Aristóteles chamoulle á metafísica “filosofía primeira” porque subministra as definicións e os coñecementos básicos que as demais ciencias usan (a física asume a existencia da materia e a bioloxía os seres vivos, pero ningunha destas ciencias

define eses conceptos). Mentres que a denominación *metafísica* está ligada a relación que mantén este coñecemento coa Física no contexto histórico da obra aristotélica, a da **Ontoloxía** refírese ao ser (*on, ontos*), por tanto á investigación acerca do que se pode coñecer a respecto do ser ou a entidade en canto tal, os seus sentidos, modos, clases, categorías, relacións, propiedades, etc.. Ás veces preséntase coma unha parte da metafísica que se ocuparía de investigar que entidades existen e cales non, máis alá das aparencias dos sentidos.

**Gnoseoloxía** é o estudo da orixe, natureza e límites do coñecemento humano. En inglés usan a palabra *epistemology* que non debe confundirse coa palabra española **Epistemoloxía**, que designa especificamente o estudo do coñecemento científico ou tamén chamado *Filosofía da Ciencia*. Moitas ciencias particulares xeran ademais a súa propia reflexión filosófica e así nos atopamos coa filosofía da historia, das matemáticas, da física... Un dos debates máis importantes en gnoseoloxía é o debate entre racionalismo e empirismo. O racionalismo é a doutrina que sostén que parte do noso coñecemento provén de “intuicións racionais” e deducións a partir destas intuicións. O empirismo defende, en cambio, que todo coñecemento provén da experiencia sensorial.

A **Filosofía da Mente** é unha rama contemporánea da Gnoseoloxía que estuda a mente humana, incluíndo percepcións, sensacións, emocións, fantasías, soños, pensamentos e crenzas. O seu obxecto é determinar que fai que todos estes elementos se poidan chamar *mentais* e explicar a súa orixe e funcionamento. Distinguir o obxectivo e o subxectivo no coñecemento é parte da súa finalidade. Algúns dos problemas centrais en Filosofía da Mente son o problema da relación entre mente e corpo, a identidade persoal a través do tempo e o problema do coñecemento doutras mentes. A Filosofía da Mente relaciónase coas ciencias cognitivas (neuroloxía, psicoloxía...) introducindo reflexións sobre os factores relevantes para o estudo do mental: as emocións, a conciencia, o corpo ou o contorno.

A **Lóxica** é o estudo dos principios da inferencia válida. Unha inferencia é un proceso ou acto no que, a partir dun grupo de premisas, séguese unha conclusión. Tradicionalmente distinguimos dúas clases de inferencias: deducións e inducións. A validez ou non das inducións é o obxecto da lóxica indutiva. As deducións son estudadas pola lóxica dedutiva, para o que se constrúen sistemas formais que corrixen a estrutura da linguaxe natural. Outros temas que caen baixo o dominio da lóxica son as falacias, os paradoxos e a noción de verdade.

A **Ética** abarca o estudo da moral, a virtude, o deber, a felicidade e a boa vida. Podemos distinguir dous niveis: a ética normativa que estuda os posibles criterios morais para determinar cando unha acción é correcta e cando non o é. A **Metaética**, que estuda a orixe e significado dos conceptos éticos e cuestións como a relatividade dos valores morais ou a súa independencia da mente humana.

**Estética:** é a rama da filosofía que se ocupa das experiencias estéticas (cando captamos algo como fermoso ou feo) e dos xuízos estéticos que expresan estas experiencias. A estética é o estudo destas experiencias e destes xuízos da súa natureza e dos principios que teñen en común. É unha disciplina máis ampla que a Filosofía da Arte, porque as experiencias estéticas poden darse fóra do ámbito artístico, xunto con calquera outra experiencia. En xeral enténdese que a Estética é o estudo da beleza.

**Filosofía política:** é o estudo acerca de como debería ser a relación entre os individuos e a sociedade. Inclúe o estudo das formas de goberno, a orixe das leis e os dereitos e demais institucións e prácticas políticas. Mentres a ciencia política investiga como foron e serán os fenómenos políticos, a Filosofía Política ocúpase de teorizar sobre como deberían ser as institucións políticas. A filosofía política conecta con outras ramas ou subdisciplinas da filosofía, como a Filosofía do Dereito, da Economía ou coa Ética ou Filosofía moral. Algúns dos seus temas centrais son a lexitimidade dos gobernos, a limitación do poder, os fundamentos da lei, os suxeitos das obrigas e dereitos...

**Historia de la Filosofía:** ocúpase da historia da tradición filosófica occidental, que ten unha historia de máis de 2500 anos, desde a Antiga Grecia ata os nosos días. Ao longo dese tempo, existiu unha enorme cantidade de filósofos e movementos filosóficos dos que se ocupa esta disciplina. Ao explicar e describir os diferentes sistemas filosóficos establece un diálogo entre as diferentes épocas e autores que permite ver os procesos e progresos do pensamento occidental.

### ★ACTIVIDADES

4. Enche o seguinte cadro situando debaixo de cada rama da Filosofía as cuestión seguintes segundo corresponda, e propón ti cando menos unha por cada rama.

Debemos elixir en base aos nosos sentimentos? Que son as cousas? O Universo terá un final? Que hai despois da morte? É xusto mentir para salvar a un amigo? Existe Deus? Cales son as ferramentas básicas do coñecemento? A fin das accións humanas debe ser a felicidade? En que nos diferenciamos dos animais? Cales son as bases da sociabilidade humana? Como recoñecemos un argumento incorrecto? Que fai que unha afirmación sexa verdadeira? Que é un ser? Como funciona a nosa mente?

METAFÍSICA	ONTOLOXÍA	GNOSEOLOXÍA	ANTROPOLOXÍA	LÓXICA	ÉTICA

5. Sinala entre as seguintes as que consideres cuestión filosóficas. Que sentidos compón o sistema sensorial humano?

- É posible dicir a verdade sempre?
- É verdade que a Terra xira arredor do Sol?
- Teñen dereitos os animais?
- Quen foi o primeiro filósofo Occidental?
- Que é unha obra de arte?
- É posible coñecer o principio do Universo?

- Cal é a velocidade de expansión do Universo?
- A cantidade dos números primos é infinita?

## AS ORIXES DO PENSAMENTO FILOSÓFICO:

O ser humano vive nun mundo complexo, tanto no que atinxe ao mundo natural que o rodea como ao mundo social, e desde que tomou conciencia deste feito se preguntou pola orixe do mundo, a causa dos fenómenos naturais e as razóns do comportamento social de homes e mulleres. Inicialmente estas cuestións foron explicadas polo **mito**, e mesmo de feito aínda hoxe en día os mitos teñen unha importancia nada desprezable no noso mundo contemporáneo.

### FILOSOFÍA E MITO

Os mitos acalman o ser humano, xa que ao dar unha explicación aos grandes enigmas que o preocupan, achegan tranquilidade e seguridade. O relato mítico está unido á idea de destino, sobre o que o ser humano non ten ningún control, e á idea fundamental dun mundo de forzas sobrenaturais que exceden a capacidade humana de comprensión. Mediante o mito, o ser humano descarga a súa propia responsabilidade en forzas exteriores a el ás que nada podemos esixir.

Os primitivos mitos gregos tentaban dar unha explicación para fenómenos determinados, coma as tormentas ou as eclipses, pero tamén para os fenómenos da enfermidade, o nacemento e a morte.

A filosofía xorde na civilización grega como disciplina académica nos séculos VI e V a.C., xunto coas primeiras formas de pensamento científico na civilización grega e supón o abandono paulatino do pensamento mítico.

A Filosofía e a ciencia buscan unha explicación racional para os cambios na natureza. Neste novo contexto o home, cuxa característica principal é estar dotado de "logos" (razón), reflexiona sobre o mundo que lle rodea e sobre os seus propios procesos racionais, que non poden quedar á marxe desta procura.

A cultura grega consideraba ao home situado no universo e condicionado polas mesmas leis que as demais cousas pertencentes a el. Esta igualdade do home co resto do mundo natural fai que a explicación dos procesos naturais sirva tamén para explicar os procesos que afectan ao home. As claves para a vida humana hai que buscalas no estudo da natureza.

Nas orixes da Filosofía, o mito era usado aínda polos Filósofos en forma de analoxía para explicar aquelas ideas que eran difíciles de comunicar dun xeito puramente teórico. Así, denominamos "Mito da Caverna" ao texto de Platón que usa a analoxía cunha cova para explicar o estado do coñecemento humano.

#### ★ACTIVIDADE

6. Despois de ler a viñeta seguinte, propón as cuestións filosóficas que che suxira o Mito da Caverna de Platón.



7. Investiga sobre este texto e explica as diferenzas entre o denominado *Mito da Caverna* de Platón e as explicacións míticas tradicionais.

## FILOSOFÍA COMO SABER RACIONAL

En realidade o punto de partida da filosofía e da ciencia son o mesmo: a procura de explicacións racionais, dun coñecemento universal (válido para todos os seres humanos) e obxectivo (xustificado e sometido a comprobación). Este camiño só é posible a través da actividade crítica que ambas disciplinas comparten.

Que este coñecemento sexa posible é unha cuestión de supervivencia, que as nosas crenzas sexan verdadeiras ou falsas, que resistan ou non a crítica é importante porque diso pode depender a nosa vida (que sucede se boto cicuta na comida pensando que é pirixel?). A ciencia proporciona respostas que nos permiten sobrevivir (sobre a saúde, a forma de obter enerxía, de aumentar os recursos, de mellorar o medio, de defendernos dos inimigos...)

Pero aos seres humanos non só nos preocupa sobrevivir senón que tamén queremos vivir ben, ser felices, e a iso non pode dar resposta a ciencia. A ciencia é unha gran ferramenta para o desenvolvemento humano, as achegas científico-técnicas están a cambiar a nosa concepción do mundo e do ser humano, pero tamén están pondo en xogo o seu futuro e a súa supervivencia. Neste contexto quen pode servinos de guía?

Ningunha ciencia pode responder a cuestións como: Que é mellor para o ser humano? Por que é mellor coidar o planeta? Por que non debemos destruír outras especies? Por que non se debe matar?.... A Filosofía, en cambio, require que reflexionemos sobre o que debemos considerar

valioso, sobre aqueles fins que deben orientar as ciencias e a tecnoloxía humanas. A Filosofía dirixe as ciencias cara a propósitos humanos. Ao mesmo tempo, esta reflexión permite que nos poñamos de acordo en cales deben ser eses valores para poder vivir xuntos e acadar a felicidade e a xustiza. Por suposto que as solucións que dá a Filosofía non son precisas e sempre son provisionais, á espera de novas achegas doutros seres humanos que reflexionen sobre os mesmos temas. As preguntas da Filosofía teñen a misión de abrir novas preguntas.

Porén, aínda que a función da Filosofía é moito mais imprecisa que o labor científico, a Filosofía segue a ser unha forma racional de pensamento.

Platón distinguía dous tipos de coñecementos, diferenza que aínda hoxe mantemos. Por unha banda están os que derivan das nosas experiencias e das opinións doutras persoas. Por outra parte están os coñecementos que se deducen pola reflexión e o pensamento e non dependen de informacións casuais dos sentidos nin de opinións alleas, senón dun traballo metódico de análise de elementos e factores, así como das súas interrelacións. Ao primeiro tipo de coñecemento, Platón denominouno *dóxa* e ao segundo *epistéme*.

Por exemplo, crer que o mundo foi creado por Deus porque nos teñen educado desde pequenos na relixión aceptada pola nosa comunidade que así o afirma, forma parte da *dóxa* porque se trata dunha opinión aínda que estea xeralmente aceptada. Porén, saber que dous máis dous son catro non é un tipo de *dóxa*, aínda que o teñamos aprendido dun mestre, porque é un coñecemento que podemos comprobar por nós mesmos e é independente da autoridade do mestre. O coñecemento matemático é un tipo de *epistéme* (coñecemento racional), mentres que a relixión é un tipo de *dóxa* (opinión)

A *epistéme* é un saber universal fundamentado na razón e abrangue tanto os coñecementos matemáticos como a ciencia baseada neles. Tamén as cuestións filosóficas acerca da orixe do mundo, o sentido da vida humana ou os límites do coñecemento, porque se busca que esas respostas non se baseen en opinións, prexuízos ou crenzas, senón que se apoiem completamente na razón


Unha das características do traballo filosófico é o uso dun método. Como en calquera outra forma de coñecemento rigorosa precisamos ferramentas eficaces que nos permitan afondar nos problemas, recoller e avaliar a información, analizar as achegas doutros investigadores e comunicar os descubrimentos. Por iso, aínda que a actitude filosófica non require máis método que a apertura da mente ante os problemas, para poder traballar con eficacia e avanzar con seguridade en temas complexos é necesario facer uso dun método de traballo.

Un método supón sempre unha serie de pasos prefixados para chegar a unha conclusión, garantindo a coherencia e pertinencia do proceso seguido. O primeiro filósofo que utilizou un método de traballo filosófico foi Sócrates. O método socrático denominouse *maieutica*

#### ★ACTIVIDADE:

Despois de ver o fragmento de vídeo proposto elabora unha presentación dixital ou en formato póster que expoña os diferentes métodos filosóficos. Para realizala podes apoiarte nos seguintes documentos que atoparás online, na aula virtual da materia

Ver fragmento de vídeo<sup>4</sup>



**Sócrates.** Rossellini 1970.

Narra con detalle os últimos días de Sócrates, incluíndo o xuízo e a súa execución. Amona ao filósofo na ágora discutindo e os acontecementos políticos que o levaron a ser vulgado por impiedade.

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesames/aulavirtual/mod/resource/view.php?inpopup=true&id=9770>

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesames/aulavirtual/file.php/225/filosofia/metodosfilosoficos.pdf>

---

## A FILOSOFÍA AO LONGO DA HISTORIA

A historia de Occidente comeza na Grecia antiga e divídese usualmente en 4 períodos: antiga, medieval, moderna e contemporánea. A Filosofía occidental xorde e progresa ao mesmo tempo que a historia occidental e é inseparable dela. Ao longo da historia de Occidente xorden diferentes escolas e pensadores que reflexionan sobre a totalidade do real, pero que se enfrontan a ela desde a perspectiva da súa época histórica. A diversidade de escolas e pensamentos, moitas veces en loita entre si, son proba da riqueza e vitalidade da reflexión filosófica.

### A Filosofía na época clásica.

A época antiga abarca desde o século VI a.C. ata a caída do Imperio Romano (476). A súa reflexión marcou os inicios da Filosofía occidental, fixando as súas ramas teórica e práctica. O seu centro de investigación era a Natureza na súa totalidade, o que incluía o ser humano. No seu desenvolvemento podemos distinguir 4 períodos:

1. Período cosmolóxico, propio dos pensadores presocráticos preocupados pola explicación dos fenómenos naturais, na procura dun principio ou explicación da natureza na súa totalidade (*arché*) e os primeiros intentos de atopar un método de coñecemento que puidese achegarnos á verdade do mundo. Os pensadores máis importantes foron: Tales de Mileto (primeiro filósofo), Anaximandro,

---

<sup>4</sup><https://www.youtube.com/watch?v=DHgyVvj1G7I> Fragmento no significativo, para uso didáctico con actividades asociadas

Anaxímenes, Heráclito, Parménides, Pitágoras de Samos e Anaxágoras, entre outros.

2. Período antropológico, no que a preocupación xira arredor dos problemas da vida social, propiciados polo auxe das *polis* e o xurdimento da democracia en Atenas. O debate sobre as normas políticas e éticas e as formas de vida boa, son o centro da especulación e a reflexión. Deste período hai que destacar a Sócrates.
3. Período sistemático, no que se propoñen algúns dos máis grandes sistemas para a comprensión do mundo na súa totalidade. Os seus pensadores máis destacados foron Platón e Aristóteles. Este período significou a irrupción da racionalidade no pensamento, inaugurouse o pensamento científico e filosófico, unha tarefa que Occidente non abandonará xamais.
4. Período helenístico: Cando Alexandre Magno conquista Grecia e máis tarde todo o mediterráneo ata Exipto, estende a forma de ver o mundo grega, a súa filosofía, os seus valores e a súa ciencia. Alexandre Magno funda Alexandría, que se converterá no centro moral e científico da época helenística e onde se desenvolverán teorías morais que chegarán aos nosos días (epicureísmo, escepticismo, hedonismo...). O Imperio Romano carrexou os ideais do mundo grego por todo Europa, sentando as bases do que será máis tarde a Europa que coñecemos. Esgotado polas guerras contra os bárbaros e os turcos, o Imperio Romano vai perdendo a súa forza a partir do 476 d.C e con el entra en crise a concepción do mundo grego.

### **A Filosofía na Idade Media.**

O período que transcorre desde a caída do Imperio Romano de Occidente no 476 d.C. Ate a caída de Constantinopla en 1453 coñécese como Idade Media. A crise do mundo grego abre un novo espazo de reflexión que tentará dar resposta ás novas necesidades e ideais dos seres humanos. O clima de liberdade social e política das *polis* gregas parece definitivamente perdido e a reflexión centrase agora na liberdade individual e a felicidade persoal. O Cristianismo aparece en Occidente nun momento no que a mensaxe de salvación individual daba un sentido aos problemas que preocupaban ao ser humano e que viñan provocados polo derrube do seu mundo, a enfermidade, a morte e a decadencia provocados pola guerra e o illamento, e que se vían como obstáculos insuperables para conseguir a felicidade. A historia da fundamentación e expansión do cristianismo é a historia da Idade Media europea.

Na época medieval o pensamento occidental céntrase na relixión pero podemos seguir unha guía da racionalidade nas especulacións sobre a existencia de Deus. Distinguimos fundamentalmente 2 períodos:

1. Patrística. Do século I ao V d.C. Período no que os Pais da Igrexa fixan a doutrina cristiá e usan a reflexión filosófica para defendela e comprender os conceptos relixiosos máis abstractos e defender a doutrina cristiá. O seu representante fundamental é Agostiño de Hipona.

2. Escolástica. Do século V ao XIV. Neste período a Filosofía e a relixión Cristiá buscan realizar unha síntese do pensamento que permita rematar co conflito entre razón e fe. O seu máximo representante é Tomé de Aquino. Guillerme de Ockham é a figura que representa, xa no século XIV, a crise desta síntese e a aparición de novos modelos filosóficos. A época medieval remata a finais do século XV coa irrupción da mentalidade renacentista e a época de los grandes descubrimentos xeográficos y científicos.

**A Filosofía Moderna** inaugúrase co Renacemento no século XVI e continua durante os séculos XVII e XVIII, coincidindo cos fenómenos culturais do Barroco e a Ilustración. Descartes, Hume, Locke e Kant, están entre os seus principais representantes. Ao final deste período terá lugar a revolución Industrial que transformará, mediante a incorporación de novas tecnoloxías, a vida dos seres humanos e, con ela, as súas preocupacións. Os revolucionarios avances en medicina e ciencia en xeral, provocarán un optimismo e unha fe no progreso xeneralizada, así como unha paulatina eliminación da dependencia da relixión. As principais correntes filosóficas destes séculos terán como preocupación fundamental buscar os límites do coñecemento humano e pór as bases para un coñecemento seguro e sistemático. Podemos distinguir tres movementos filosóficos fundamentais:

1. Empirismo: que tenta buscar as bases do coñecemento humano nos datos dos sentidos e limitar o uso da razón se non está sustentado na experiencia humana, entendida como os datos da percepción externa e interna que obtemos a través do noso sistema sensorial. Os seus representantes máis salientables serán J. Locke e D. Hume.
2. Racionalismo: que ve nas matemáticas un método universal para o coñecemento seguro e que tentará estender o modelo matemático a todos os ámbitos do coñecemento, eliminando a imprecisión dos sentidos. O seu máximo representante será o francés René Descartes.
3. Idealismo transcendental: que intentará realizar unha síntese entre as dúas posturas anteriores e limitar o coñecemento humano á experiencia, pero sen esquecer a capacidade da razón humana de ordenar, clasificar e establecer esquemas sobre a realidade percibida. O seu máximo representante será Immanuel Kant.


A Idade Moderna remata coa Revolución Francesa, que suporá a fin do Antigo Réxime e a aparición das modernas Democracias.

**A Filosofía na época contemporánea** comprende desde o século XIX ate a actualidade. A preocupación polo ser humano e o seu desenvolvemento vital, político e social, marcará esta etapa. Os pensadores que están na base das características peculiares do pensamento na nosa época son Marx e Nietzsche, os dous moi presentes en todos os ámbitos da cultura.

As viaxes que se iniciaran na época moderna tiveron, na época contemporánea consecuencias comerciais e non comerciais. O descubrimento de novas formas de vida deu apoio ás teorías que mantiñan a convencionalidade das estruturas políticas e sociais. Os pobos primitivos

propuxéronse unhas veces como modelos de vida ideal, en contacto coa natureza, e noutras ocasións como modos de vida dexenerados, coma bárbaros fronte ao mundo occidental civilizado. A primeira das posicións orixinará o debate sobre os dereitos humanos e a segunda lexitimará a escravitude e o mercado de persoas. Toda unha controversia que conducirá a guerras, declaracións e conformación de novas institucións con novos fundamentos morais (declaración de Dereitos humanos, Organización Nacións Unidas, Declaracións de Independencia...).


A Filosofía deste último período caracterízase por unha pluralidade de escolas e tendencias, con diferentes intereses teórico prácticos, que abarcan a totalidade do pensamento: Positivismo, marxismo, existencialismo, neopositivismo, posmodernismo... Pero o que teñen en común é o seu interese pola actividade humana en todas as súas formas, fundamentalmente no eido político e moral.




★ **ACTIVIDADE:**

1. Sitúa nas liñas temporais os diferentes autores citados no apartado “A FILOSOFÍA AO LONGO DA HISTORIA”

## Filósofos DA HISTORIA



## ANTIGUIDADE CLÁSICA



## PROPOSTAS OPCIONAIS DE TRABALLO

### ☆☆TRABALLO CON CINE:

Os argumentos de películas como *Matrix* (Andy y Larry Wachowski, EUA, 2009), *Abre os Ollos* (Alejandro Amenábar, España, 1997) parten de problemas filosóficos: que é a realidade? como distinguir entre o real e o aparente?, ou é verdade todo o que percibo? Se tes oportunidade de ver algunha delas, tenta identificar como se manifestan estas cuestións así como algunhas das características da filosofía, tanto na trama como nas accións das personaxes. Fai unha análise e extrae o conxunto de preguntas filosóficas que propoñen, explicando cales son as cuestións filosóficas relacionadas.

Para levar a cabo o teu traballo consulta a guía “como se fai a análise dunha película” en: <http://www.slideshare.net/egarea/analise-filmes?ref=http://www.edu.xunta.es/centros/iesames/aulavirtual/course/view.php?id=225>

### ☆☆TRABALLO DE INVESTIGACIÓN: O PENSAMENTO PRESOCRÁTICO NAS ORIXES DA FILOSOFÍA

Investigade e elaborade en grupo unha presentación acerca das orixes da filosofía no período presocrático. Inclúe nela un fragmento explicativo en vídeo da teoría de cada un dos autores mencionados. Para preparar o voso traballo podedes consultar:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesames/aulavirtual/mod/resource/view.php?inpopup=true&id=10574>

[http://www.edu.xunta.es/centros/iesames/aulavirtual/file.php/225/Grecia/TEMA\\_presocratico.s.pdf](http://www.edu.xunta.es/centros/iesames/aulavirtual/file.php/225/Grecia/TEMA_presocratico.s.pdf)

Tamén podedes visualizar o seguinte fragmento do Capítulo 07 da serie "COSMOS" de Carl Sagan<sup>5</sup>,

E o tutorial: Presocráticos. Naturaleza y razonamiento en [https://www.youtube.com/watch?v=JYYP5T\\_qyuE](https://www.youtube.com/watch?v=JYYP5T_qyuE)




### ☆☆DISERTACIÓN.

<sup>5</sup> en Español Latino (Doblaje de don Agustín López Zavala) Año 2000. En <https://www.youtube.com/watch?v=liEop0hD5Qk> fragmento para uso didáctico

Preparar unha disertación sobre un dos seguintes temas:

1. É a relixión un saber racional?
2. Papel dos mitos na literatura xuvenil actual
3. As mensaxes filosóficas en Alicia no País das Marabillas.

Unha disertación consiste na elaboración dun texto persoal que tenta explicar, analizar ou valorar un tema, nun determinado aspecto. A Disertación require centrar ben o tema a traballar, investigar e buscar información sobre el, elaborar unha tese persoal e argumentala, rebatendo os argumentos que poidan existir en contra, sempre cunha actitude crítica e respectuosa. Unha disertación distínguese dun ensaio, fundamentalmente na súa extensión, pero son respecto á metodoloxía de traballo case idénticos.



Unha disertación debe ter tres partes: Introducción, exposición e conclusión cunha extensión entre 2 e 3 caras de folio. Para preparar a túa disertación podes visitar o tutorial en:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesames/aulavirtual/mod/resource/view.php?id=9736>

<http://www.slideshare.net/egarea/comoescribirunensayo?ref=http://www.edu.xunta.es/centros/iesames/aulavirtual/course/view.php?id=225>

## VOCABULARIO:

**Actividade crítica:** Consiste no exercicio de avaliar persoalmente as opinións ou crenzas que a xente acepta como verdadeiras. Esta avaliación pode basearse na observación, na experiencia, no razoamento ou no método científico. Require claridade, exactitude, precisión e equidade. Intenta avaliar os argumentos no seu contexto e proporcionar ferramentas para distinguir o razoable do irracional, o verdadeiro do falso.

**Arché:** É a substancia mesma da que está feita o Universo. É o principio que dá orixe aos demais elementos visibles. É polo tanto a Esencia e a substancia do Universo.

**Ciencia:** Refírese a un proceso racional e obxectivo para acadar coñecementos acerca do mundo que nos rodea, do propio ser humano e das formas do razoamento, a través da observación e/ ou orazoamento. Tamén se aplica ao conxunto de coñecementos acadados seguindo este proceso, que deberán estar sistematicamente estruturados, e a partir dos que se deducen leis e principios xerais sobre o comportamento da Natureza.

**Dogmatismo:** tendencia a asumir determinadas ideas o teorías sen cuestionalas en absoluto e, sen admitir ningún tipo de revisión crítica .

**Filosofía:** Método de reflexión acerca dos procesos de coñecementos e os límites da existencia humana e os modos do ser en xeral. O termo, de orixe grego, quere dicir amor (*philos*) pola sabedoría (*sofía*).

**Logos:** (en grego λόγος -*lógos*- ) significa razón, pero tamén discurso racional, argumentación ou discurso argumentativo. Para Aristóteles era unha das formas da persuasión na actividade retórica

**Mito:** Relato sobre feitos extraordinarios cuxos protagonista son seres sobrenaturais. As historias que narran os mitos serven de respaldo ás crenzas centrais dunha comunidade. O mito non se cuestiona, acéptase acriticamente, sen que exista unha argumentación ou unha proba que lle dea fundamento. O mito ten unha función simbólica, que permite comprender e aceptar mellor a realidade natural e social. Neste sentido simbólico é no que usamos a palabra mito aplicada a unha personalidade relevante en calquera eido.

**Natureza ou *phúsis*.** Fondo orixinal do que xurdiron todas as cousas que existen

**Obxectividade:** capacidade de coñecer un obxecto con independencia das condicións de observación individuais ou temporais dun suxeito. O coñecemento obxectivo debe ser válido para todos os observadores con independencia da súa posición.

**Pregunta filosófica:** é unha pregunta que só se fai quen non está conforme coa vida e o que o rodea. Esta pregunta non atopa resposta mirando unicamente aos feitos, senón que precisa de reflexión, comparación e razoamento para sacar á luz os presupostos nos que nos movemos. Non ten necesariamente unha única resposta, senón que pode dar lugar a unha multiplicidade de miradas

**Prexuízo:** é unha afirmación feita con seguridade, sen sospeita de erro, non xustificada racionalmente, acrítica e apoiada en preferencias afectivas ou simples crenzas.

**Principio:** o que fai posible que unha cousa exista e permite explicala. Causa ou orixe.


**Razón:** facultade do ser humano de identificar **conceptos**, cuestionalos e deducir outros conceptos a partir dos que xa coñece. Nun sentido derivado unha “razón” é un argumento que apoia ou referencia unha tese.

**Relación dialéctica:** é una relación entre varios factores de xeito que estes se influen reciprocamente para dar lugar a una síntese dos mesmos.

**Sentidos:** son os mecanismos fisiolóxicos que nos permiten percibir o que está ao noso redor e determinados estados internos do organismo. Fálase habitualmente de 5 (gusto, olfacto, vista, ouvido e tacto) pero tamén da propiocepción, do sentido do equilibrio, entre outros. Canalízanse a través dos órganos dos sentidos.



## A NOSA SELECCIÓN DE WEBS



La Filosofía en el Bachillerato.  
Una propuesta para la P.A.E.U en Castilla y León.

**TÍTULO:** LA FILOSOFÍA EN EL BACHILLERATO

**Ligazón:** <http://www.filosofiafacil.com/>

**Comentario:** interesante páxina cuxa finalidade é aportar materiais e comentarios de texto das materias de filosofía no bacharelato. Moi ben para que o alumno poida estudar en casa o explicado na aula. Elaborado por un grupo de autores de Castela e León para a preparación das probas de acceso á universidade.



**TÍTULO:** LA LECHUZA DE MINERVA.

**Ligazón:** <http://lalechuzademinerva.es/historia-de-la-filosofia/>

**Comentario:** Páxina realizada por Capilla Ramírez Estébanez e Enrique P. Mesa García que inclúe unha presentación secuenciada das materias de Historia da Filosofía, Psicoloxía, Filosofía e Cidadanía que imparten.

IdeaSapiens

**TÍTULO:** IDEASAPIENS

**Ligazón:** <http://ideasapiens.blogspot.com/filosofia.sxx/>

**Comentario:** textos e materiais para a Filosofía no Bacharelato



**TÍTULO:** HÉROES DEL PENSAMIENTO (PODCAST FILOSÓFICO DE EL VUELO DE ANTARES)

**Ligazón:** [http://www.youtube.com/user/Heroesdelpensamiento/videos?sort=dd&view=0&shelf\\_id=0](http://www.youtube.com/user/Heroesdelpensamiento/videos?sort=dd&view=0&shelf_id=0)

**Comentario:** Serie de audios sobre autores, a modo de clase maxistral.



**TÍTULO:** FILOSOFIPODS

**Ligazón:** <http://filosofipods.wordpress.com/page/3/>

**Comentario:** Unha colección de videos/audios de tamaño variable seleccionados por Arancha San Ginés y Hugo Viciano, sobre temática filosófica: conferencias, debates, entrevistas, etc. de grande actualidade. Todo con licencia creative commons.



**TÍTULO:** DAR QUE PENSAR - APUNTES DE FILOSOFÍA

**Ligazón:** <http://www.xtec.cat/~jgonza51/>

**Comentario:** Colección de textos de filósofos organizada por épocas do profe José Vidal.

## DICCIONARIOS

φñ

**TÍTULO:** DICCIONARIO DE FILOSOFÍA DE GUSTAVO BUENO

**Ligazón:** <http://www.filosofia.org/filomat/pcero.htm%20>

**Comentario:** Unha das principais eivas da didáctica da filosofía radica no descoñecemento que o alumnado ten, en xeral, do vocabulario filosófico polo que é indubidable a pertinencia deste recurso.

J. FERRATER MORA

DICCIONARIO  
DE FILOSOFÍA

**TÍTULO:** DICCIONARIO DE FILOSOFÍA DE JOSEP FERRATER MORA

**Ligazón:** [http://www.ferratermora.org/ency\\_filosofo.html](http://www.ferratermora.org/ency_filosofo.html)

**Comentario:** Acceso gratuito en texto completo aos prólogos, a presentación, o cadro cronolóxico e a algúns dos conceptos e biografías do Dicionario.



**Título:** Philosophica.

**Ligazón:** <http://www.philosophica.info/index.html>

**Comentario:** Philosophica é unha "obra de consulta dinámica", é dicir, unha enciclopedia ou dicionario on line.

## REVISTAS DE FILOSOFÍA



**TÍTULO:** LA CAVERNA DE PLATÓN

**Ligazón:** <http://www.lacavernadeplaton.com>

**Comentario:** Revista de Filosofía aberta a todo tipo de interesados na materia. Organiza os seus contidos nos seguintes apartados: Artigos e fontes, Actividades de aula, Arte e filosofía, Historia da Filosofía, Imaxinario filosófico, Libros e reseñas, Entrevistas, links, noticias, Comunidades da Caverna, Filo-chat, News-filosofía. A páxina aparece vinculada a un espazo radiofónico, "Fuentes da la Filosofía", no que realizan comentarios a textos cruciais na historia do pensamento; presentan o texto en cuestión e introdúceno a través dunha semblanza xeral da historia e pensamento do autor. A web está dirixida por: Luis Fernández-Castañeda Belda (Instituto de Secundaria *Vega de Mar*, San Pedro de Alcántara (Málaga)), Julián Jesús Martínez López (Instituto de Secundaria *Pintor Antonio López*, Tres Cantos (Madrid)).

# Filosofía Hoy

**TÍTULO:** FILOSOFÍA HOY

**Ligazón:** <http://www.filosofiahoy.es/>

**Comentario:** Revista de Filosofía en formato dixital e papel. Artigos de opinión, reportaxes, entrevistas e grandes presentacións temáticas. Ten páxina en Facebook e Twitter